

29 HISTORIAS DISPARATADAS

Textos de URSULA WÖLFEL

Ilustracións de NEUS BRUGUERA

Tradución de FRANCK MEYER

SUSANA FERNÁNDEZ DE GABRIEL

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 72 páx. 15 €.

LISTA DE HONRA IBBY (TRADUCCIÓN) - 2008
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL) PORTUGAL

[29 historias disparatadas](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-498-9. Sete Leguas.

[29 historias disparatadas](#) (castelán)

ISBN 978-84-8464-499-6. Sete Leguas.

[29 histórias disparatadas](#) (portugués)

ISBN 978-972-8781-55-2. Sete Léquas.

Unha rapaza non quería facer o que facía todo o mundo.
Resultáballe aburrido. Por iso sempre saía pola porta recuando.
Unha vez atropelou o avó...

Un home era tan ordenado que non aturaba que as agullas
do reloxo non estivesen rectas...


Había un rapaz con ollos tan penetrantes que podía cortar
o pan coa ollada...

Entre as virtudes literarias de Ursula Wölfel sobresaí o sentido
do humor co que abordaba as pequenas historias cotiás
nas que os personaxes -tanto animais como persoas-
son os protagonistas de situacións cómicas e sorprendentes.
A súa imaxinación movíase no terreo do *nonsense*,
captando a atención do público con disparatadas ocorrencias.

A escritora frustrada que foi campioa de afiar lapis, a historia
da familia que non paraba de discutir ata quedar conxelada,
o comportamento surrealista do home tan extremadamente
ordenado que recollía a mesa antes de xantar, as anécdotas
sobre unha estraña enfermidade contaxiosa ou a (in)existencia
do enigmático Plantocox son algunhas das historias disparatadas
que debuxarán sorrisos nas lectoras e nos lectores.

Novidosas e atrevidas, as ilustracións de Neus Bruguera reforzan
o efecto sorprendente das narracións. A súa proposta gráfica
é sintética e simbólica, de composición limpa, cun estilo que enlaza
a poesía visual co deseño, a través de colaxes que logran
un equilibrio perfecto entre textos e imaxes.

Con "29 historias disparatadas" continúa a serie iniciada
con "27 historias para tomar a sopa" e "28 historias para rir".



- **Temática:** relatos breves de humor.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** humor, *nonsense*, absurdo, escrita creativa; contrastes cromáticos, colaxe; da autora de "[27 historias para tomar a sopa](#)" e "[28 historias para rir](#)" (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/29-historias-disparatadas-g>

Ursula Wölfel

(Ruhrgbiet, 1922 - Heidelberg, 2014)

Estudou Filoloxía Alemá, Pedagogía e Historia en Heidelberg. Trala II Guerra Mundial foi axudante de escola e traballou nun colexio de educación especial en Darmstadt. En 1959 escribiu o seu primeiro libro infantil e ao ano seguinte centrouse na investigación deste xénero literario. Recibiu moitos galardóns, como o Premio Especial de Literatura Infantil e Xuvenil en Alemaña (1991) por toda a súa obra.
<http://www.ursula-wölfel.de>

Neus Bruguera

(Barcelona, 1971)

Licenciada en Comunicación Audiovisual, é profesora e ilustradora. Fai ilustracións para libros, carteis e revistas, polas que recibiu varios recoñecementos: finalista do premio Apelles Mestres 2002-2003 e Premio Crítica Serra d'Or de Literatura Infantil e Xuvenil 2004.

